



1

CADERNO DO PERSOAL EXAMINADOR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-2017

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre un mercado en Santiago de Compostela. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

Lusco e Fusco é unha alternativa para quen non pode comprar produtos naturais durante o día

Escrito por Xela Cuñarro



No parque compostelán de Belvís, todos os martes, das seis ás nove da tarde, pódese visitar o mercado Entre Lusco e Fusco. Este nome tan curioso fai referencia ao momento do día en que se pon o sol e a luz desaparece case por completo.

O protagonista é o produto ecolóxico, de tempada e de proximidade. O proxecto deste punto de encontro entre produtores e compradores naceu hai dous anos grazas a varias asociacións de consumo e cooperativas.

Este mercado nace como un espazo alternativo no que se poden adquirir produtos de cultivo ecolóxico e local de excelente calidade e fomenta o consumo responsable e o comercio xusto. Aquí reúnense pequenos produtores de Santiago e da súa contorna, e de municipios próximos da provincia de Pontevedra, para vender o que producen nos seus obradoiros, fornos e hortas.

Todos os produtos que se poden atopar no mercado (hortalizas, froitas de tempada, tomate en conserva, artesanía, infusións medicinais e naturais...) son de produción local. E pódense adquirir directamente, sen intermediarios e máis baratos. Ás veces, o consumidor pode degustar antes de comprar e tamén ten a posibilidade de encargarse de cestas con diversos produtos dunha semana para a outra.

Recentemente, o mercado acolleu unha nova iniciativa: o troco ou intercambio de películas e libros, que logo se abriu a todo tipo de produtos. Esta idea lanzouna a asociación Espazo de Troco. Os seus creadores queren que se realice mensualmente e que poida facerse en diferentes espazos da cidade. É, en definitiva, unha forma de romper o círculo vicioso de “comprar, usar, tirar”.

Texto adaptado de <http://www.dioivo.eu>

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minuto aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle ao candidato a estrutura da proba e acomodalo.</p> <p>As primeiras preguntas NON son avaliáveis.</p>	
<ul style="list-style-type: none">▪ Como está?▪ Como se chama?▪ A que se dedica?	
2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico do candidato relacionado co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...▪ Canto tempo leva estudando galego?▪ Por que o estuda?▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p><i>(Se procede)</i></p> <ul style="list-style-type: none">▪ Que lle gusta máis da cultura galega?▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo da nova. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ De que trata o texto?▪ Que venden no mercado?▪ Onde se celebra? Cando?	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Que lle parece o Mercado Lusco e Fusco? Ten tempo de ir ao mercado polas mañás?
- Vostede consome produtos ecolóxicos e locais? Por que?
- Neste mercado tamén venden doces caseiros, conservas, infusións naturais, obxectos de artesanía... Vostede consome/compra algún destes produtos?
- Habitualmente hai contacto directo entre produtores e compradores?
- Ten vostede horta? Que cultiva? Como é?
- Elabora vostede conservas ou marmeladas? E fai con frecuencia doces?
- (Se procede) Existen diferenzas entre os mercados galegos e os do seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Onde merca vostede habitualmente? Por que?
- Con que frecuencia fai a compra?
- Gústalle ir aos mercados? Que produtos se poden encontrar neles?
- Coñece vostede algún mercado? Podería describilo?
- Cales son as vantaxes e as desvantaxes de comprar nun mercado? E nun supermercado?
- (Se procede) Existen diferenzas entre os mercados galegos e os do seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Adoita consumir produtos frescos e de tempada (hortalizas, verduras, legumes, froitas...)? Por que?
- Onde cre que os produtos son mellores, nos supermercados ou nos mercados?
- Que produtos frescos consome vostede durante o verán? E durante o inverno?
- Que alimentos bota en falta durante o verán? E durante o inverno?
- Cal é a súa froita/verdura favorita? E a que menos lle gusta?
- (Se procede) Existen diferenzas entre os produtos galegos e os do seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

- Que lle parecen os mercados de troco/cambio? Coñece vostede algún?
- No texto falan de intercambiar libros e música. Que outros artigos se poden intercambiar?
- Onde merca habitualmente os libros e a música? Que lle parecen os prezos?
- Coñece vostede algunha tenda de segunda man? Que pensa deste tipo de tendas?
- Comrou algunha vez nunha tenda de segunda man? Gustaríalle?
- (Se procede) Existen mercados de troco ou de segunda man no seu lugar de orixe?